



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Recursos Humanos

Aprobación inicial regulamento para a prestación de servizos na modalidade de teletraballo no Concello de Ferrol

ANUNCIO

Aprobación inicial do Regulamento para a prestación de servizos na modalidade de teletraballo no Concello de Ferrol

O Pleno do Concello na sesión celebrada o día 26 de agosto de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial do Regulamento para a prestación de servizos na modalidade de teletraballo no Concello de Ferrol.

O que se fai público consonte co disposto no artigo 49.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que no prazo de trinta días hábiles, que contan dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, debendo publicarse integramente o regulamento aprobado para a súa entrada en vigor.

Ferrol, 30 de agosto de 2021

A concelleira delegada de RRHH

María Teresa Deus Trasobares

2021/6585